



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Asunto: OEP Extraordinaria Estabilización: Terapeuta Ocupacional. Lista definitiva de admitidos e excluídos. Designación de Tribunal
Expediente: 2024/G003/000267, 2022/E001/000045

M^a Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa do Concello de Lousame e órgano competente para a adopción do presente acordo, en virtude das competencias conferidas pola lexislación vixente no ámbito local, emite a presente resolución baseada nos antecedentes e fundamentos que a continuación se indican.

Praza obxecto de estabilización:

Denominación	Natureza	Número	Grupo/ Subgrupo	Xornada	Código RPT	Quenda/Provisión
Terapeuta ocupacional	Laboral	1	II: A2	Completa	4207	Libre/ Concurso (DA 6ª Lei 20/2021)

Antecedentes Administrativos:

- Mediante Resolución da Alcaldía 267/2022 do 23/05/2022 aprobouse a Oferta de Emprego Pública Extraordinaria para a redución da temporalidade do emprego público. Foi publicada no Boletín Oficial da Provincia 99 do 26/05/2022.
- Tras a oportuna negociación na Mesa Xeral de Negociación que tivo lugar o día 02/12/2022, mediante Resolución da Alcaldía 701/2022 do 05/12/2022 aprobouse a convocatoria daquelas prazas incluídas na Oferta de Emprego Pública Extraordinaria na aplicación da DA 6ª e 8ª da Lei 20/2021. Do mesmo xeito aprobáronse as Bases Xerais e Específicas que rexerán a convocatoria e os procesos selectivos correspondentes.
- O anuncio da convocatoria e as bases xerais e específicas para executar a OEP Extraordinaria para a redución do emprego temporal (DA 6ª e 8ª da Lei 20/2021) foi publicada:
 - Na sede electrónica municipal o día 07/12/2022
 - No Boletín Oficial da Provincia 234 do día 13/12/2022
- O anuncio da convocatoria para executar a OEP Extraordinaria para a redución do emprego temporal (DA 6ª e 8ª da Lei 20/2021) foi publicada:
 - No Diario Oficial de Galicia 239 do 19/12/2022
 - No Boletín Oficial do Estado 307 do 23/12/2022

Fundamentos Xurídicos:

- Segundo a Base Xeral número 3:

Os anuncios sucesivos durante o desenvolvemento do proceso selectivo (listaxe de admitidos/as, nomeamento e convocatoria do tribunal, etcétera) serán obxecto de publicación no Taboleiro da sede electrónica do Concello de Lousame (<https://sede.lousame.es/opencms/es/informacion/>).

- Segundo a Base Xeral número 5:

As solicitudes, requirindo tomar parte nos correspondentes procesos selectivos, (...) presentaranse (...) no prazo de vinte días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

3. Segundo a Base Xeral número 7:

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

No caso de non existir aspirantes excluídos, poderase elevar a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución, dando inicio ao proceso selectivo.

Na devandita resolución, que se publicará na sede electrónica do Concello de Lousame, sinalarase un prazo de 5 días hábiles para a emenda da documentación presentada.

A falla de pagamento da taxa no prazo de presentación de instancias, determinará a inadmisión do aspirante nas probas selectivas, de tal xeito que xa non se terá en conta a súa solicitude para a formación da listaxe provisional de admitidos e excluídos.

Transcorrido o prazo de emenda, a Alcaldía aprobará a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, que se publicará na sede electrónica do Concello de Lousame.

Igualmente, na mesma resolución, farase constar a designación nominal do Tribunal e, o lugar, data e hora de constitución deste para o desenvolvemento do proceso selectivo.

Á vista dos antecedentes e fundamentos expostos, e das solicitudes presentadas, na aplicación do disposto na Base Xeral número 7 que rexe o proceso selectivo **RESOLVO:**

Primeiro: Aprobar a lista provisional de persoas admitidas e excluídas:

2022/E001/000045	TERAPEUTA OCUPACIONAL (4207)							
Apelidos e Nome	Anexo I	DNI	Celga	Titulación	Permiso conducción / Carné manipular alimentos	Méritos	Taxa	Admisión Definitiva
Filgueira Pérez, María	Si	***8517**	Si	Si	Si	Si	Si	Si
García Alende, Marta	Si	***7104**	Non	Si	Si	Si	Si	Si
García García, Ana María	Si	***9014**	Si	Si	Si	Si	Si	Si
Gómez Caínzos, María del Carmen	Si	***4700**	Si	Si	Si	Si	Si	Si

Segundo: Como non existen aspirantes excluídos, elevar a definitiva a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas e dar inicio ao proceso selectivo.

Terceiro: Nomear ao seguinte Tribunal Cualificador:

Membro	Identidade
Presidencia	Mónica Castaño Ourille, Persoal Laboral Fixo, A2 de Lousame
Vogal	Natividad Hermo Santos, Persoal Laboral Fixo, A2 de Lousame
Vogal	Mª Pilar Calvo Abelleira, Persoal Laboral Fixo, A2 de Lousame
Vogal	José Manuel Outeiral Castro, Persoal Laboral Fixo A2 de Lousame
Secretaría	José Martínez Redondo, funcionario A1 de Lousame

Cuarto: O Tribunal deberá constituírse no Concello de Lousame, para o desenvolvemento do proceso selectivo, no prazo máximo de 2 meses dende a publicación desta resolución.

Quinto: Esta resolución será obxecto de publicación no Taboleiro da sede electrónica do Concello de Lousame (<https://sede.lousame.es/opencms/es/informacion/>).

Asinado en Lousame, por medios electrónicos, pola Alcaldesa, Mª Teresa Villaverde Pais; do que eu, Paula Ares Otero, como secretaria e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (R.D.128/2018, do 16 de marzo).

